



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Comisión Europea dispón dun instrumento de financiamento específico dirixido aos proxectos de innovación empresarial das pemes dentro do programa Horizonte2020: o **Instrumento Peme (SME Instrument)**. Esta ferramenta apoia as **actividades próximas ao mercado**, co obxectivo de dar un forte pulo á innovación disruptiva. Polo tanto, diríxese a **pemes altamente innovadoras** cunha clara ambición comercial e un potencial de alto crecemento e internacionalización.

Instrumento Peme ofrece **apoio ás pemes en dúas fases da innovación empresarial**: unha fase I, na que ofrece **subvencións para avaliar a viabilidade dun proxecto de innovación empresarial** de até 50.000 euros por proxecto (70% do custe total do proxecto); e unha fase II, que apoia a **etapa de desenvolvemento e demostración da innovación**, cuxo importe oscila entre os 500.000 e os 2,5 millóns de euros (70% do custo total do proxecto).

Ademais do apoio económico, Instrumento Peme tamén ofrece un **servizo de coaching gratuíto** co fin de mellorar a capacidade de innovación da empresa e axudar a alinear o proxecto coas necesidades estratéxicas do negocio e o acceso a unha ampla gama de servizos de apoio á innovación e facilidades para acceder a capital risco para apoiar a explotación comercial da innovación.

Existen **13 liñas temáticas ou topics abertas permanentemente** (con catro datas de peche ao longo do ano):

- **SMEInst-01-2016-2017**: Open Disruptive Innovation Scheme (Plan aberto de innovación disruptiva).
- **SMEInst-02-2016-2017**: Accelerating the uptake of nanotechnologies advanced materials or advanced manufacturing and processing technologies by SMEs (Aceleración na adopción de nanotecnoloxías de materiais avanzados ou tecnoloxías avanzadas de fabricación e procesamento por parte das pemes)
- **SMEInst-03-2016-2017**: Dedicated support to biotechnology SMEs closing the gap from lab to market (Apoio específico ás peme biotecnolóxicas para pechar a fenda entre o laboratorio e o mercado)

- **SMEInst-04-2016-2017**: Engaging SMEs in space research and development (Involucrar ás peme na investigación e o desenvolvemento espacial)
- **SMEInst-05-2016-2017**: Supporting innovative SMEs in the healthcare biotechnology sector (Apoio ás pemes innovadoras no sector da biotecnoloxía sanitaria)
- **SMEInst-06-2016-2017**: Accelerating market introduction of ICT solutions for Health, Well-Being and Ageing Well (Acelerar a introdución no mercado de solucións TIC para a saúde, o benestar e o envellecemento activo)
- **SMEInst-07-2016-2017**: Stimulating the innovation potential of SMEs for sustainable and competitive agriculture, forestry, agri-food and bio-based sectors (Estimular o potencial de innovación das pemes para unha agricultura, unha silvicultura, un sector agroalimentario e un sector biolóxico sostibles e competitivos)
- **SMEInst-08-2016-2017**: Supporting SMEs efforts for the development - deployment and market replication of innovative solutions for blue growth (Apoio aos esforzos das pemes para o desenvolvemento - despregamento e replicación do mercado de solucións innovadoras para o crecemento azul)
- **SMEInst-09-2016-2017**: Stimulating the innovation potential of SMEs for a low carbon and efficient energy system (Estimular o potencial de innovación das peme para un sistema enerxético eficiente e de baixo carbono)
- **SMEInst-10-2016-2017**: Small business innovation research for Transport and Smart Cities Mobility (Investigación innovadora das peme para o transporte e a mobilidade intelixente das cidades)
- **SMEInst-11-2016-2017**: Boosting the potential of small businesses in the areas of climate action, environment, resource efficiency and raw materials (Impulsar o potencial das peme nas áreas de acción climática, medio ambiente, eficiencia de recursos e materias primas)
- **SMEInst-12-2016-2017**: New business models for inclusive, innovative and reflective societies (Novos modelos de negocio para sociedades inclusivas, innovadoras e reflexivas)
- **SMEInst-13-2016-2017**: Engaging SMEs in security research and development (Involucrar ás peme en investigación e desenvolvemento en materia de seguridade)

Podes acceder a toda a información sobre esta convocatoria no seguinte [enlace](#).

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.